


III CONCURSO MICRORRELATOS



CONVOCA:

Equipo Dinamización Lingua Galega CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO

BASES do CONCURSO MICRORRELATOS:

O obxectivo deste concurso patrocinado polo EDLG é a **procura dun microrrelato** usando como máximo 140 caracteres (espazos incluídos).

1.- Poderá **participar** neste concurso todo o alumnado que estea matriculado no centro o curso 2014-15 e todo o persoal, docente e non docente, do mesmo. Só se poderá concursar cunha proposta, ben de forma individual ou en grupo. Os participantes utilizarán un pseudónimo que servirá para a súa identificación e, así, garantir a obxectividade.

2.- **A temática** do microrrelato será a **TOLERANCIA** e ten que estar escrito en galego.

3.- De todos os traballos presentados, un **xurado** formado por compoñentes do equipo de dinamización da lingua galega e un membro do equipo directivo, seleccionará o gañador.

4.- Os deseños **presentaranse** en soporte papel no tamaño A4 e dentro dun sobre pechado, facilitado polo CIFP Politécnico, que levará impreso o pseudónimo na parte de diante. Os microrrelatos non incluírán o pseudónimo nin outros datos que identifiquen a autoría do traballo.

Os participantes entregarán, ademais, un segundo sobre pechado, proporcionado polo centro, que tamén levará escrito o pseudónimo na parte dianteira. Este sobre conterá a seguinte información nun folio A4:

- pseudónimo utilizado polo/s participante/s
- nome, apelidos e DNI
- ciclo formativo e curso ou labor que desempeña no centro
- teléfono de contacto de cada participante.

5.- **Premio:** O relato gañador publicarase na revista do centro, e @ autor/a recibirá, a modo de agasallo, un **vale de 40 €** en libros.

7.- Os participantes ceden todos **os dereitos** relativos a obra que presentan ao concurso á organización do mesmo

8.- **A presentación** das obras realizarase na biblioteca e o prazo finaliza o 30 de abril do 2015 ás 13.00 horas. A resolución do concurso será publicada no taboleiro da biblioteca na primeira quincena de maio.

9.- **A entrega do premio** farase durante os actos de celebración do día das Letras Galegas.